

FEMINISMO E DEPORTE NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Presenza nos medios de comunicación:

MENOS CANTIDADE: a información sobre deporte practicado por mulleres non chega ao 10% en ningún medio do noso país, cifra en ningún caso próxima nin á proporción de licenzas de mulleres e homes nin á consecución de resultados exitosos por mulleres deportistas ou homes deportistas.

MENOS CALIDADE: como demostrou un [estudo da Universidade de Cambridge](#) sobre informacións durante os Xogos Olímpicos de Rio, mentres as palabras máis usadas para falar DOS deportistas eran “rápido”, “forte”, “fantásticos”, “dominar”, as máis usadas para falar DAS deportistas eran “idade”, “maior”, “embarazada”, “casada”, “solteira”, “competir” ou “participar”. Outro problema habitual é o paternalismo ao referirse habitualmente ás deportistas como “la joven” ou “las chicas de...o adestrador que sexa”, mentres que eles con 18 anos acostuman a xa non ser “el joven” e son nomeados como “os homes de...o adestrador X”.

Premios económicos machistas:

En Galicia, van contra a lei. A Lei do Deporte, no seu Artigo 5 apartado 3, establece:

“no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrárase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitárase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”

Polo tanto, entregar premios económicos diferentes (para o mesmo posto na mesma categoría) contravén a lei.

Teñen menos nivel? O nivel dunha competición nunca se pode xulgar por anticipado, antes de que teña lugar. Hai máis nivel nun Barça-Madrid ou nun Celta-Zaragoza de semifinais da Copa do Rei? O equipo vencedor de cada eliminatoria cobrará o mesmo por gañar, independentemente de que podamos valorar de forma subxectiva que é máis fácil (se para o Celta gañarlle ao Zaragoza ou que o Madrid lle gañe ao Barça). Por anticipado, márcase unha recompensa igual para todos.

Teñen menos competencia? En carreiras ou torneos nos que o total de deportistas ou equipos femininos é menor que na mesma proba masculina, utilízase ese argumento machista.

É machista e falso porque:

1º en categorías inferiores (como alevín) a participación feminina en atletismo, natación... acostuma a ser maior e a ningún se lle ocorre darlle menos medallas aos nenos.

2º Hai máis nivel nunha regata con 20 piragüistas homes ou nunha con 10 mulleres pero unha delas é Teresa Portela? A cantidade non está necesariamente relacionada coa calidade.

3º A nivel mundial, a natación é un deporte que practican máis persoas que o taekwondo. Por esa razón vale máis a medalla de ouro olímpica de Mireia Belmonte que un ouro de Joel González? A resposta sería opinable. De aí que só se poda xulgar de forma obxectiva o resultado: o Comité Olímpico Internacional paga igual as medallas de todos os deportes e o Comité Español paga as mesmas bolsas para un campión ou unha campioa olímpica e sexa o deporte que sexa.

Maior precariedade laboral:

Segundo a Lei do Deporte vixente no Estado, o deporte feminino NON PODE ser profesional. Só teñen ese recoñecemento as ligas masculinas de fútbol de Primeira e Segunda e a Liga ACB de baloncesto masculino. A pesar disto, en deportes como o balonmán, o fútbol sala ou categorías como a Segunda B ou Terceira de fútbol ou a Segunda do baloncesto o trato dos clubs permite a gran parte dos deportistas masculinos vivir do deporte (sexu con soldos de máis de 1.000 euros ao mes ou menores pero complementándoo con pisos pagados ou traballos en empresas). Nas mesmas categorías pero no caso das deportistas, non teñen as mesmas condicións.

Convenio colectivo fútbol feminino: as futbolistas de Primeira División están a reclamar ter 30 días de vacacións pagadas, 20.000 euros ao ano ou que durante o embarazo ou a lactancia se adapte a súa xornada laboral (por exemplo, facilitando o coidado dos fillos/as nos desprazamentos que deben facer as xogadoras cando xogan fóra da casa). Tanto coma iso.

Convenio pioneiro en Galicia: por iniciativa propia, o Burela Fútbol Sala -que conta con equipo masculino e feminino na primeira división- asinou un convenio colectivo para as súas xogadoras. Nel garántese a renovación automática en caso de embarazo, vacacións e un salario mínimo de 900 euros.

En deportes minoritarios a situación dos e das deportistas é precaria pero non igual de precaria. As mulleres poden acudir a competicións nas que se lles paga un premio menor, ademais de loitar contra estereotipos ou cargas familiares.

As bolsas que ofrece o Consejo Superior dos Deportes si son igualitarias, segundo resultados en campionatos de España, de Europa e do Mundo. Pola súa banda, as Federacións nacionais ou autonómicas, entidades con delegacións e subvencións públicas, usan criterios máis complexos que habería que valorar individualmente para constatar que nalgúns casos son machistas e noutros, igualitarios.

Eventos tipo “la Carrera de la Mujer”:

O positivo: fomentar unha vida activa en mulleres de tódalas idades.

Contribúe a manter a idea de que a muller debe facen deporte só para manterse en forma e esvelta (non forte e competitiva).

Regalan revistas do Corazón, 'Ligeresa' e outros produtos estereotipados, que nada teñen que ver coa práctica deportiva e non se regalan en eventos masculinos ou mixtos